

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN CULTURAL "O CASTRO", DE BAIÓN-VILANOVA DE AROUSA, PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN E ACOMPAÑAMENTO ÁS PERSOAS MAIORES DENTRO DO PROXECTO DE ENVELLECE COMIGO NO EXERCICIO 2024.

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte:

Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

José Sabarís Casal, con DNI 76853967L, presidente da **Asociación Cultural "O Castro" de Baión-Vilanova de Arousa**, con NIF G36116879, que actúa en nome e representación da entidade en virtude do seu nomeamento por acordo da asemblea xeral do 28/03/2014, de acordo co disposto no artigo 12 dos seus estatutos.

Interven en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para que no nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Segundo.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.





Terceiro.- Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas maiores, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

Que con carácter específico, lle corresponde, entre outras, a elaboración das políticas dirixidas ás persoas maiores en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. En particular, ten encomendadas as funcións relativas ao fomento e á promoción de actuacións e medidas favorecedoras da plena participación das persoas maiores na sociedade e da mellora da súa calidade de vida, así como todas aquelas accións que faciliten a súa promoción, integración social e participación activa.

Cuarto.- Que a Asociación Cultural "O Castro" de Baión-Vilanova de Arousa, entidade de natureza asociativa, figura inscrita no Rexistro Central de Asociacións con número 2013/17313-1, de acordo co establecido no artigo 10 da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e ten por finalidade a atención ás persoas maiores, para a mellora da súa vida persoal e social, fundamentalmente a través do voluntariado.

Así mesmo a Asociación Cultural "O Castro" de Baión-Vilanova de Arousa, figura inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-6298.

Quinto.- Que ambas partes son conscientes do papel activo que deben desenvolver as persoas maiores na sociedade. Trátase dun colectivo cada vez máis numeroso, polo que é preciso desenvolver programas que promovan o envellecemento activo e fomenten a súa integración e participación na sociedade, a través de medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento deste tipo de programas por parte do tecido asociativo, integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención ás persoas maiores, as cales desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da Administración pública.

A Asociación Cultural "O Castro" de Baión-Vilanova de Arousa leva a cabo actividades que promoven o envellecemento activo e fomentan a integración e participación das persoas maiores na sociedade, entre os que se atopa o programa de dinamización e acompañamento a persoas maiores a través de persoas voluntarias, dentro do proxecto, *Envellece comigo*.

Este proxecto supón unha das múltiples actividades que a Asociación Cultural "O Castro" de Baión-Vilanova de Arousa está a levar a acabo dentro do seu programa completo de integración social que conta con outros puntais como, o voluntariado, o programa sociocultural con persoas con discapacidade ou o proxecto de comunicación interxeracional.

O programa de dinamización e acompañamento a persoas maiores, dentro do proxecto *Envellece comigo*, está dirixido a persoas maiores de 60 anos, non dependentes e que viven en soidade, para tratar de mellorar a súa vida persoal e social, tratando de promover un envellecemento activo. Deste xeito estas persoas maiores poden seguir coa





súa vida cotiá na súa residencia habitual coa axuda e atención que se lle presta dende a asociación.

En desenvolvemento dos tres piares fundamentais do envellecemento activo, físico, social e mental, levarase a cabo as seguintes actividades: un traballo específico sobre a saúde física a través da labor da enfermeira da asociación, que realizará funcións de promoción, mantemento e realización de actividades de exercicio físico, de mellora da alimentación e do autocoidado; un traballo específico sobre o seu estado de ánimo, a través das actuacións e exercicios de dinamización sociocultural, traballando a súa emocionalidade e socialización a través da relación coas persoas voluntarias e as demais persoas usuarias e, o desenvolvemento de actuacións de coidado da saúde mental, a través de actividades cognitivas propostas pola traballadora social da asociación Cultural "O Castro" de Baión-Vilanova de Arousa.

Este programa desenvólvese na Casa da Cultura de Baión.

As zonas de influencia abranguen, ademais da parroquia de Baión, parroquias de concellos próximos:

- Tremoedo, Andrés, Caleiro e Vilanova, do Concello de Vilanova de Arousa.
- Godos e Saiar, do Concello de Caldas de Reis.
- Rubiáns, Solobeira, Cornazo, Cea e Vilagarcía, do Concello de Vilagarcía de Arousa.
- Paradela, Mosteiro e as Tres Nogueiras, do Concello de Meis.
- Leiro, Lois, Besomaño, Barrantes e Ribadumia, do Concello de Ribadumia.
- Oubiña, Vilariño, Corvillón e Cambados, do Concello de Cambados e o Concello de Catoira.

Todas elas, fóra dos núcleos que constitúen as capitais municipais, teñen unha alta dispersión poboacional así como un avellentamento da poboación.

Trátase de areas rurais cunha poboación maioritariamente envellecida, onde as zonas residenciais adoitan a estar afastadas entre si e mal comunicadas cos núcleos urbanos. É alí onde se concentra a maior densidade de poboación maior de 60 anos e que en moitos casos viven sos, unha situación que se está a estender hoxe en día. Así mesmo, danse situacións de persoas maiores que conviven con familiares, pero que pasan a maior parte do tempo en soidade por mor da falta de conciliación.

A través das actividades do proxecto *Envellece comigo*, as persoas maiores de 60 anos residentes no ámbito de actuación da Asociación Cultural "O Castro" de Baión-Vilanova de Arousa, poderán relacionarse e participar en dinámicas que melloren a súa autoestima e a súa autonomía persoal, o que lles permitirá manterse activas no desenvolvemento das actividades da vida diaria, preservando a súa independencia e a súa saúde.

Sexto. Que, conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social e Igualdade subscribir un convenio de colaboración coa Asociación Cultural "O Castro" de Baión-Vilanova de Arousa para contribuír, a través da concesión directa dunha subvención



pública, ao financiamento dos gastos derivados da execución durante o exercicio 2024 do programa de dinamización e acompañamento ás persoas maiores dentro do proxecto *Envellece comigo*.

Sétimo.- Que a Asociación Cultural "O Castro" de Baión-Vilanova de Arousa realiza actividades consideradas de interese social susceptibles de ser subvencionadas polo procedemento de concesión directa ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

A especificidade do programa vén determinada polas características da actividade que se vai financiar por razón do colectivo ao que van dirixidas, sendo a Asociación Cultural "O Castro" de Baión-Vilanova de Arousa a única entidade no ámbito territorial de aplicación deste programa, que conta coa infraestrutura material e os medios humanos esixibles, así como o coñecemento das necesidades do colectivo ao que van dirixidas, polo seu contacto directo con elas a través das persoas voluntarias que prestan servizos na asociación e sobre todo, polo equipo conformado polo persoal da asociación.

Pola súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade, previsto no Decreto 139/2024, do 20 de maio, na área específica da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria e, as específicas necesidades inherentes ao colectivo de persoas maiores ao que vai dirixido, enténdese que é susceptible de ser fomentado a través dunha subvención polo procedemento de concesión directa.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para levar a cabo o programa de dinamización e acompañamento a persoas maiores, dentro do proxecto *Envellece comigo*, en orde as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto*

O obxecto do presente convenio é a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación Cultural "O Castro" de Baión-Vilanova de Arousa para contribuír, a través da concesión directa dunha subvención, ao financiamento por parte de Consellería de Política Social e Igualdade dos gastos derivados da execución do programa da Asociación dentro do proxecto *Envellece comigo* durante o exercicio 2024, destinado a



persoas maiores de 60 anos que vivan soas, con suxeición aos seguintes obxectivos:

- a) Favorecer a expresión persoal, a comprensión da realidade e a integración na sociedade a través de diferentes canles artísticas e culturais.
- b) Promover a autonomía persoal e a independencia das persoas maiores.
- c) Mellorar a comunicación, conexión e relación coa contorna social.

O programa realizarase contando con persoal contratado pola asociación, así como con persoas voluntarias que prestan a súa colaboración na dita asociación:

SEGUNDA. Actuacións subvencionables

As actuacións subvencionables que forman parte do programa durante o período de vixencia do convenio desenvólvense nas seguintes áreas:

1) Áreas Sociais. Mellorar a comunicación e interacción social, potenciar a comprensión de estados emocionais e variacións nos mesmos debido ao envellecemento e a situación actual; reforzar a auto valoración e a autoestima a través da participación activa en actividades culturais; favorecer o diálogo, así como a comprensión dos diversos puntos de vista dentro do grupo; fomentar o intercambio con diversos grupos sociais e culturais, dentro e fora da asociación; fomentar a participación das familias e dos demais socios da Asociación; procurar os intercambios interxeneracionais e programar actividades intraxeneracionais con outros grupos de Galicia.

2) Áreas Psíquicas. Potenciar a autoestima; mellorar a saúde mental a través de intercambios sociais e a participación en actividades colectivas e obradoiros.

3) Áreas Culturais. Favorecer a expresión persoal, a comprensión da realidade e a integración na sociedade a través de diferentes canles artísticas e culturais como a música e as actuacións teatrais e concretamente:

a) Empregar a música, os seus beneficios e atributos na educación en valores, centrándose no desenvolvemento da intelixencia emocional, a sociabilidade, a tolerancia e a empatía como medios fundamentais na creación de nexos sociais a través da realización de actividades específicas para as persoas maiores cos grupos musicais da Asociación Cultural "O Castro" de Baión-Vilanova de Arousa, integrándoos coma parte dos mesmos e fomentando a súa inclusión.

b) Empregar a animación cultural como estratexia de integración social con técnicas de acción-reflexión extrapolables á vida cotiá e á resolución de problemas na mesma a través da realización de actividades de animación sociocultural conxuntas con outros grupos dentro da Asociación, coma por exemplo cos rapaces e rapazas con discapacidade do grupo da Asociación Cultural "O Castro" de Baión-Vilanova de Arousa, *Con Eles*, mellorando así o coñecemento doutros grupos sociais habitualmente marxinados.

c) Empregar as actividades teatrais e de danza para integrar as persoas maiores na nosa cultura, creando actividades conxuntas entre as persoas usuarias do proxecto e os grupos de *Teatro Aturuxo* e de danza galega da propia asociación.



TERCEIRA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións a subvencionar no marco deste convenio que ten previsto desenvolver a Asociación Cultural "O Castro" de Baión-Vilanova de Arousa, é de 21.960,00€.

Segundo a Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, está previsto crédito para o fomento da actividade a subvencionar.

Para o cumprimento da finalidade das actuacións do programa descritas na cláusula segunda deste convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade achegará **vinete mil euros (20.000,00 €)** que serán imputados á aplicación orzamentaria **38.05.312E.481.1** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

CUARTA. Obrigas da entidade beneficiaria

1. En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto coa descrición das actuacións do proxecto a desenvolver, a seguinte documentación:

a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto e actuacións, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

b) Declaración responsable, subscrita pola persoa representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. A Asociación Cultural "O Castro" de Baión-Vilanova de Arousa, deberá cumprir todas as obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como todos os requisitos necesarios para obter a condición de entidade beneficiaria previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Sen prexuízo de todo o anterior, tamén deberá cumprir as obrigas seguintes:

a) Realizar as actividades que fundamentan a concesión da subvención.

b) Acreditar a realización das actividades, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da subvención ante o órgano que a concede. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto nas bases reguladoras ou nos instrumentos de concesión.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social e Igualdade, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan





realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios e achegar tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle ao órgano competente da Consellería de Política Social e Igualdade, a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras establecidas no convenio, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do programa a subvencionar a través deste convenio e nos lugares onde estas se realicen "subvencionado pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade" co seu respectivo logotipo.

i) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

3. Asemade, a entidade beneficiaria de subvención pública ao abeiro deste convenio, estará obrigada a subministrar á Administración, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno. No caso de incumprimento desta obriga estarase ao disposto no artigo 4.4 da citada lei.

QUINTA. *Compatibilidade con outras axudas*

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

SEXTA. Gastos subvencionables

Son gastos subvencionables os que cumplan os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Para estes efectos, en aplicación do artigo 29.2 da Lei 9/2007 e do artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que



remata o 10 de decembro de 2024.

O importe da subvención destinarase a cubrir o gasto corrente e o gasto de persoal derivado da execución do programa de dinamización e acompañamento ás persoas maiores dentro do proxecto *Envellece comigo*, durante o exercicio 2024, conforme ao establecido na memoria económica.

SÉTIMA. Forma de pagamento e xustificación

1. Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

Considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola entidade beneficiaria.

No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín da persoa provedora. Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín da persoa provedora.

Coa xustificación final dos gastos a subvencionar a través deste convenio ou, en todo caso, ao remate deste, a Asociación Cultural "O Castro" de Baión-Vilanova de Arousa remitirá á Consellería de Política Social e Igualdade, a seguinte documentación:

a) Un informe-memoria detallado de cada unha das accións levadas a cabo e/ou as actividades realizadas ao abeiro do proxecto a subvencionar a través deste convenio.

b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1º. Unha relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. No caso dos gastos realizados con medios ou recursos propios, indicaranse os criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación.

2º. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Nas facturas terán que facer referencia á imputación ás actuacións a subvencionar a través deste convenio.

3º. Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, se é o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia no 1º parágrafo.





4º. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada obxecto deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.

5º. Os 3 orzamentos que deba ter solicitado a entidade beneficiaria, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de gastos de importe superior a 15.000 € pola prestación de servizos.

6º. Se for o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

c) Declaración complementaria e actualizada comprensiva de todas as axudas e subvencións concedidas para o mesmo proxecto, indicando que non hai ningunha pendente de resolución, ou de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

Tendo en consideración que parte do gasto imputable é de persoal, conforme ao establecido no orzamento de actividades do programa que forma parte do proxecto, deberá de concretarse aos efectos da súa xustificación e referida á mensualidade ou mensualidades polas que se solicita a seguinte documentación:

a) Relación nominal dos/das traballadores/as que se inclúen como xustificación das actuacións do programa que forman parte do proxecto subvencionado.

b) Recibos de salarios.

c) Documento de Relación Nominal de Traballadores/as (RNT) e documento de Relación de liquidación de cotizacións (RLC) dos/das traballadores/as correspondentes ao meses imputados.

d) Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190).

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos de nóminas ou que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais de 2024 liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto, factura ou documento equivalente, en que se reflecta o importe da retención ou cotización indicadas na data de xustificación, quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación con data límite na primeira quincena de febreiro de 2025.

3. O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria nas seguintes condicións:

a) Efectuarase un pagamento do 70% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.

b) O 30% restante farase efectivo unha vez rematadas todas as actividades do programa que





forman parte do proxecto a subvencionar polo convenio e achegando a documentación indicada na cláusula oitava.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como de que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, se é o caso.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

OITAVA. Subcontratación

A Asociación Cultural "O Castro" de Baión-Vilanova de Arousa é a entidade beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución parcial de actividades, ata unha porcentaxe do 80 por cento das actuacións financiadas a través deste convenio, para a debida execución das actividades programadas, de acordo co recollido na memoria económica.

A Asociación Cultural "O Castro" de Baión-Vilanova de Arousa, no seu caso, comunicará, a subcontratación á Consellería de Política Social e Igualdade. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMA. Inexistencia de relación laboral

A Asociación Cultural "O Castro" de Baión-Vilanova de Arousa queda facultada para designar o persoal necesario para realizar as actividades propostas. A subscrición do presente convenio non leva consigo ningún tipo de relación laboral nin contractual entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que realicen as actividades obxecto do programa a subvencionar, de tal xeito que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento del.

DÉCIMO PRIMEIRA. Incumprimentos, reintegros e sancións

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.





Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumprida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actividade a subvencionar a través do convenio, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Título VI do seu regulamento.

DÉCIMO SEGUNDA. *Vixencia e efectos*

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Non obstante, os gastos das actuacións subvencionadas a través do presente convenio que realizase a Asociación Cultural "O Castro" de Baión-Vilanova de Arousa dende o 1 de xaneiro de 2024 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

DÉCIMO TERCEIRA. *Obrigas da publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificación recollidas no presente instrumento de colaboración o Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO CUARTA. *Información básica de protección de datos persoais*

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do



Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO QUINTA. Comisión de seguimento e avaliación

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de





actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes da Asociación Cultural "O Castro" de Baión-Vilanova de Arousa, designadas por cada unha das partes así como os seus suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade, designada pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de maiores e atención sociosanitaria.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á dirección xeral competente en materia de maiores e atención sociosanitaria, designada pola persoa que asuma a Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na mencionada Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SEXTA. Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra estas, poderá interpoñer un recurso potestativo de reposición, ou acudir directamente á orde xurisdiccional contencioso administrativa, de acordo co artigo 124 da Lei 39/2015.

Se o acto fora expreso, poderase formular un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, ou poderase interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, segundo o previsto, respectivamente, no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa.

Se o acto non fora expreso, poderase interpoñer un recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderase formular directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de seis meses que se contará para a persoa solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto



presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes no lugar e na data da sinatura dixital.

Pola Consellería de Política Social e Igualdade

Pola Asociación Cultural "O Castro" de
Baión-Vilanova de Arousa,

A conselleira de Política Social e Igualdade

O presidente

Fabiola García Martínez

José Sabarís Casal

